Lendo o mar

"Algúns libros cómpre probalos; outros, engulilos; e uns poucos, mastigalos e dixerilos." Francis Bacon. En *Ditos sobre o libro e a lectura*. Escolma a cargo de Xavier Seoane.



Ángel Blanco

Como moi ben explica Francis Bacon non todas as lecturas son iguais.

Hai outros libros que precisan dunha lectura lenta e reflexiva, son os ensaios. Neles non inventamos, non son libros de ficcións senón que analizamos algún tema para intentar comprendelo mellor.

- *Historia da costa galega e dos seus naufraxios. Século XX*. Todos os naufraxios do século XX ordenados por data. É máis un libro de consulta que de lectura pero resulta moi curioso.
- *Buceando en el pasado.* Percorrido polos grandes naufraxios da historia. (enlace ao resumo do libro)
- *Agua salada y sangre caliente. Historias de mamíferos marinos*. Todo o que queiras saber sobre focas, leóns mariños, baleas ou arroaces. (enlace ao resumo do libro)
- *A mariña en baixamar.* Descrición dos nosos ecosistemas coa participación de alumnos de secundaria da costa de Lugo.
- *El libro de los animales misteriosos*. O Kraken é un mostro con forma de polbo ou lura xigante que ataca aos barcos en alta mar. Existe este animal? E o Yeti? (enlace ao resumo do libro)
- *A arca de Noé.* Moi bo libro de consulta para cuestións relacionadas co mar: historia, características, organismos... (enlace ao resumo do libro).
- *La vuelta al mundo de un forro polar*. A maioría dos libros teñen como protagonista a un ser vivo, neste será unha prenda de roupa a que nos acompañe nunha viaxe ao redor do mundo. Sabes como é de grande o maior petroleiro? Que pasa coa roupa que tiras? (enlace ao resumo do libro).
- *Expedición microscopio. Tras la pista de las cosas diminutas*. Un libro para ler no laboratorio. Como preparar mostras para ver ao microscopio, que podemos ver, como funciona un microscopio... (enlace ao resumo do libro)

"Levo corenta anos lendo e aínda descoñezo para que. O único que sei a ciencia certa é que, se houbera unha resposta, atoparíaa nun libro". Mihály Dés. En *Ditos sobre o libro e a lectura*. Escolma a cargo de Xavier Seoane.